



A Xunta de Goberno na súa sesión do 20 de febreiro de 1998 acordou o establecemento dunha nova convocatoria de matrícula dentro dos prazos que fixará o Rectorado en materias anuais ou do segundo cuadrimestre para os alumnos que trala realización dos exames do primeiro cuadrimestre, convocatoria extraordinaria ou de fin de carreira, superaran unha titulación ou primeiro ciclo que lles dea acceso a unha titulación de segundo ciclo ou a outro segundo ciclo diferente:

E polo exposto e para executa-lo citado acordo é polo que,

**ESTE RECTORADO RESOLVEU:**

**PRIMEIRO.- MATRÍCULA**

Os alumnos que trala realización dos exames do primeiro cuadrimestre, convocatoria extraordinaria ou fin de carreira superaran unha titulación ou primeiro ciclo que lles dea acceso a unha titulación de segundo ciclo ou a outro segundo ciclo diferente, poderán formaliza-la matrícula consonte o disposto na presente resolución, nas titulacións que se relacionan no anexo.

A matrícula soamente poderá formalizarse en materias de segundo cuadrimestre ou anuais.

**SEGUNDO.- PRAZOS**

a) Titulacións e segundos ciclos sen límite de prazos: poderán formaliza-la súa matrícula entre os días 16 e 25 de marzo

b) Titulacións ou segundos ciclos con límite de prazos: poderán solicita-la preinscripción entre os días 16 e 25 de marzo e a matrícula realizarase unha vez feita pública a selección.

**TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN DE TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS**


As solicitudes para ingreso en titulacións con límite de prazos resolveranse consonte os criterios recollidos no acordo da Xunta de Goberno de 3 de xuño de 1996, modificado polo acordo de 13 de xuño de 1997 e de 20 de febreiro de 1998.

**CUARTO.- PRAZO DE TRASLADOS**

Establécese un novo prazo para presenta-las solicitudes de traslado para os alumnos doutras universidades que estean nas condicións do apartado primeiro e o desexen, entre os días 16 e 25 de marzo.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 1998

O RECTOR



Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS; SR. SECRETARIO XERAL; SR. VICEXERENTE CAMPUS DE LUGO; SR. PRESIDENTE DA CIUG; SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DOS CENTROS DA USC; SR. XEFE DO SERVIZO DE ALUMNADO; SR. DIRECTOR DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS; SR. DIRECTOR DO COME; SRS/AS. XEFES/AS DAS UNIDADES CENTRALIZADAS DE XESTIÓN ACADÉMICA.



ANEXOS

**Anexo I: Titulacións de segundo e segundos ciclos sen límite de prazas**

- Licenciado en Bioloxía
- Licenciado en Matemáticas
- Licenciado en Filoloxía (todas filoloxías dos campus de Santiago e Lugo)
- Licenciado en Humanidades
- Licenciado en Administración e Dirección de Empresas (Campus de Santiago)
- Licenciado en Economía

**Anexo II: Titulacións de segundo ciclo e segundos ciclos con límite de prazas**

- Enxeñeiro Agrónomo - 42 prazas
- Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos - 98 prazas
- Licenciado en Administración e Dirección de Empresas (campus de Lugo) - 20 prazas